

## **ACTUACIÓNS NO APRENDIZAXE E A ENSINANZA EN CONDICIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE AO CENTRO EDUCATIVO.**

As solución tecnolóxicas que empregará o Colexio Abrente para continuar coa ensinanza así como as actuacións que vai levar a cabo para a volta ás instalacións, cando a emerxencia cese, son as que se sinalan a continuación:

### **1. Tecnoloxías que empregará o centro para continuar coa ensinanza.**

O centro traballará a través dunha plataforma Educativa para o proceso de ensinanza aprendizaxe online, entre as opcións de aula virtual traballaremos coa facilitada pola Xunta de Galicia e no caso de apareceren problemas técnicos empregaremos Classroom, na que se determinarán as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua, facilitando o acceso á aula virtual ao inspector do centro. Esta ferramenta xa empregada durante os cursos anteriores obtendo uns bos resultados pola cantidade de vantaxes que presenta a plataforma:

- Compartir o calendario de exames e entregas de traballos co alumnado.
- Facilita a entrega de traballos de clase en formato dixital.
- Envío de material extra para a preparación de clases.
- Informar ao alumnado das novidades de cando non pode acudir á aula.
- Contacto directo e sinxelo coas familias.
- Atención directa a diversidade e as necesidades do noso alumnado, podendo realizar envíos de xeito individual e personalizada.

Ademais, seguindo as directrices da Ley Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa que defende o desenvolvemento de competencias clave no alumnado, este método de traballo facilitará a adquisición da competencia dixital.

Por outro lado, cabe destacar a idea de que esta plataforma de aula virtual será complementada coa web do centro escolar, na que se disporá diferente material clasificado por cursos e con aplicacións como Meet para establecer reunións entre docentes, coas familias e co propio alumnado co fin de facilitar as canles de comunicación e as clases virtuais.

## **2. Material adicional empregado nas clases presenciais e non presenciais.**

Nas diferentes aulas emprégase material adicional como cadernos, libros, lapis, goma, bolígrafos, compás etc. que o alumnado garda nas súas taquillas de aula, sen embargo, ao longo deste curso é necesario que o alumnado conte na aula co material que precisa para o desenvolvemento de actividades diarias, e o resto de material, que deberá empregar en trimestres vindeiros, estea gardado na casa, co fin de facilitar un posible confinamento.

Deste xeito o día que se teña que levar a cabo unha ensinanza non presencial ou semipresencial, o alumnado poderá levar para a casa o material do centro e xa contará co que ten na casa.

### **3. Horario estable e permanente nas diferentes etapas educativas.**

No centro contamos con tres etapas educativas; infantil, primaria e educación secundaria, nas que o horario de traballo será estable e permanente ao longo do curso inclusive cando as clases non sexan presenciais.

A rutina compre unha misión importante, pois axuda ao alumnado na planificación de tarefas para optimizar a xestión do tempo. Deste xeito garantiremos que o alumnado dispoña tempo de traballo, tempo de ocio e tempo social.

### **4. Avaliación.**

Seguindo as directrices establecidas polas normativas que regulan a avaliación, para o segundo ciclo de educación infantil Orde do 25 de xuño do 2009 na que se establece unha avaliación global, continua e formativa, para educación primaria Orde do 9 de xuño de 2016 na que se establece unha avaliación global, continua, formativa e integradora e para a educación secundaria obrigatoria Orde do 21 de decembro de 2007 na que se establece unha avaliación diferenciada, continua, formativa e integradora. Por esta razón respectaranse as diferentes avaliacións valorando a asistencia as clases virtuais, a participación na aula virtual e a dedicación ao traballo a distancia establecido, todo concretado nas programacións de aula das diferentes etapas educativas.

## **5. Organización dos recursos educativos de apoio para garantir a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa, tal e como se establece no Decreto 229/2011 de atención a diversidade da Xunta de Galicia. Estes principios seguirán respectándose coa non presencialidade as aulas, por este motivo seguirán traballándose as necesidades do alumnado concretadas nas adaptacións curricular de cada un e nos plan de actuación individual, recollidos nos expedientes académicos do alumnado con necesidades. Así mesmo, todos os docentes seguirán tendo en conta os protocolos de actuación que se levan a cabo de xeito presencial e pasarán a terse en conta de xeito online, adaptando todo o que sexa preciso para cumpriren este punto.

Por outro lado debemos destacar ao Departamento de Orientación o cal seguirá a levar a cabo as actuación de apoio educativo de xeito online, respectando as sesións establecidas para cada alumno.